

Obra en galego completa, por Álvaro Cunqueiro

Luciano Rodríguez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RODRÍGUEZ, LUCIANO (2012 [1981]). “*Obra en galego completa, por Álvaro Cunqueiro*”. *Grial*: 71, 105-107. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1445>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RODRÍGUEZ, LUCIANO (1981). “*Obra en galego completa, por Álvaro Cunqueiro*”. *Grial*: 71, 105-107.

* Edición dispoñíbel desde o 7 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

OBRA EN GALEGO COMPLETA, por Álvaro Cunqueiro¹

Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911) é un dos membros da xeración de 1936, xeración que estaba empezando a facer a súa obra e que axiña a verá tronzada polos avatares da guerra. A guerra vai trocarnos ao noso escritor: o Cunqueiro da preguerra é monolingüe e poeta, mentres que na posguerra se nos revela como narrador e bilingüe; pro nunca, en ningunha das súas facetas de escritor (narrador, contista, articulista, autor teatral) deixa de cultivar a poesía: no humor, na captación de matices, na re-e/ou-creación de mundos idios ou inventados, sempre está presente a súa primeira actividade literaria.

Aínda que na posguerra cambiara o verso pola prosa, a súa obra poética ten unha importancia fundamental na historia da literatura galega.

Na súa poesía imos distinguir dúas etapas cronolóxicas, co lindeiro do 36: antes da guerra ofrécenos tres libros: *Mar ao norde* (1932), *Poemas do sí e non* (1933) e *Cantiga nova que se chama riveira* (1933) (obra que reeditarán no 1957). Na posguerra, se quitamos a reedición da *Cantiga...*, fainos dúas entregas: *Dona do corpo delgado* (1950) e *Herba aquí e acolá* (1979).

Dentro deste corpus poético compre sinalar correntes literarias ou distintos modos de facer poesía: no seu primeiro libro —*Mar ao norde*— atopámonos cunha poesía moi do momento, unha poesía “pura” e algo hermética, como moi ben suñña Carballo Calero. Era o momento en que estaban en pleno auxe os grandes poetas “puros” europeos: Rilke, Valéry, T. S. Eliot. Xa se publicaran as dúas obras do 27 que máis concomitancias poden ter con estes poetas (refírome á 1.^a redacción do *Cántico* (1928), de Guillén e a *Sobre los ángeles* (1929), de Alberti, obra que ten parecido con *The Wasteland* (1922), de Eliot, parecido que se podería deber máis ben ao estado espiritual do ambiente europeo que a un coñecemento da obra de Eliot por parte do gaditano: era o momento culminante do simbolismo).

A temática do libro é mariñeira, temática que puxera de moda Manuel Antonio co seu libríño *De catro a catro* (1928); pro o libro de Cunqueiro aseméllase pouco ao do rianxeiro: máis que “crear” un mundo, Cunqueiro quere sintetizar, esquematizar o que lle deron, mediante descrições metafóricas. Quere espir a expresión de todo ornamento superfluo pra acadar un pensamento conceptual. Quere reducir o poema a unha expresión numérica e precisa. Segundo di Carballo Calero é máis “cubista” ca “creacionista”.

Probablemente anterior a *Cantiga...* é *Poemas do sí e non*, aínda que se publicara despois. Neste poemario atopamos o influxo do surrealismo na poesía galega. Esta obra (como toda a produción de Cunqueiro) está influída por Paul Eluard. Emprega o verso longo, case versículo; na versificación está moi próximo aos *20 poemas de amor*, de Neruda e a *Sobre los ángeles*, de Alberti. Libro orixinal e atractivo; fai uso da imaxe surrealista dunha forma persoal e esteticista.

Do mesmo ano 33 é *Cantiga nova que se chama riveira*: libro dunha facilidade rítmica asombrosa, superficial, requintado e grácil. Fundamentalmente

¹ Editorial Galaxia. Vigo, 1980.

por esta obra inclúese a Cunqueiro na escola “neotrovadoresca”, escola que tenta reproducir —actualizándoas— as formas estróficas da lírica medieval. Esta corrente ten o seu paralelismo co neopopularismo e o gilvicentismo do Alberti, Lorca e Prados dos seus primeiros libros, pro Cunqueiro non é nin un imitador nin un epígono: ten un estilo persoal e inconfundible.

O mesmo ca eles, combina a imaxe vanguardista con formas rítmicas, estróficas e métricas que toma da tradición; tamén escribe romances e cantigas paralelísticas de tipo tradicional. Pro nos seus romances falta o desgarrado e dramatismo dalgúns dos mellores poemas do de Fuentevaqueros. Eis a grande diferenza.

O seu neotrovadorismo afástase da pesadez formal e arqueolóxica do de Bouza-Brey; dando así unha imaxe de frescura e modernidade ás formas antigas.

De 1950 é *Dona do corpo delgado*. O libro representa un cambio na poesía de Cunqueiro. Hai composicións que nos fan recordar ao Cunqueiro dos seus primeiros libros; unha serie de poesías tituladas “Cantigas do amor cortés”, de estilo neotrovadoresco arrequecido con aportacións francesas —rondeaus— (influxo de Villon) marcan o punto climático da súa madurez poética. Neste libro asoma unha voz nova, carregada de dramatismo. Voz que se agrandarán no seu —polo de agora último libro— *Herba aquí e acolá*. A melancolía dos amigos mortos —dúas elexías— (adicadas a F. Rolán e a Manoel-Antonio) e a dos tempos idos son o exemplo máis claro desa *preocupación polo tempo*, que todo o vai destruindo, ese tempo vai deixando na memoria do poeta o remorso das horas mortas:

“Ese vento de seda é o tempo que pasa.

Soñades a doce *primavera de antano*

nesa frol que refrexa o seu van no negro pozo dos vosos ollos?

Le temps s'en va! (p. 127).

Todo se vai e quedáanos o recurso da palabra —semella decirnos Cunqueiro— que nos fai *revivir esa hora que foi* e que tentamos manter na memoria. Esta postura produce, ao mesmo tempo, unha situación de serenidade e desgarrado, difíceis de conxugar e manter en pé de igualdade:

“Agora escoita ehi, nese outro lado,
onde ás mareas e a Deus e á sombra toda
coma o Norés se repite, fondo estrano,
viaxeiro antergo, gueivota no teu sangue.

Nós non choramos. Finamentos tristes
desconsolado ouvido inacabábel somos.”
(*Derradeira elexía a Manoel Antonio*, p. 121)

Coido que na consecución desa perfecta conxugación destes dous polos é onde radica o segredo deste seu libro.

Coa publicación de *Herba aquí e acolá* (1979), temos un poeta fondo e persoal; desaparece o poeta neotrovadoresco, o vanguardista e aínda o surrealista que fora. Vénnos ofrecer o froito da súa experiencia persoal. Pregúntase pola morte e maila resurrección:

“Cedo é sempre acolá. País-sin-nome:
pois onde vai o corpo sempre amence.
Dime si pido desenterrálos días. (p. 141)

O futil e vanal dos bens humanos vai estar presente en moitos poemas; sírvanos de mostra o final de “Os catro chefes da Casa de Gingiz”:

“A casa de Gingiz finouse hai mil anos.
Seus catro reis xacen nun oasis,
e a docísima *auga de dez fontes*
escorre polos canos dos seus ósos” (p. 146)

Neste libro a palabra vai adquirir un valor fundamental; é máis, gracias á gracia da palabra o poeta poderá vivi-lo seu pasado no futuro:

“Si eu me fago arbre vello na outra banda do río
e me toca ser o arbre que *recorda* e *soña*
ben segura podes estar de que sonarei contigo
cos teus ollos grises como a alba
e coa túa sorrisa
coa que se vestiron os beizos das roseiras
nos días máis felices” (p. 160-161).

Dar coa palabra-clave, eis a obsesión de Cunqueiro nos máis dos poemas. Partindo dunha palabra vai crear todo o poema. Un dos exemplos máis ilustrativos témolo no poema “O poeta escolle abril”. Arredor da palabra *abril* ordénanse tódalas outras:

“Viviremos, amor, decindo a verba,
queimádoa, ferídoa, labrádoa
tan doce e temerosamente que ela coide, *palabra abril*,
que por nós vive, vivímola e soio é dita: abril” (p. 174).

Nos derradeiros poemas hai un dorido sentir de ter que abandonar o mundo e sente a necesidade de agarrarse a algo; e ese algo non serán máis que recordos:

“e olla cómo *podrecen* nel os *soños e os anceios*
a mocidade que foi e as sorrisas das mulleres
todo o que foi amado e recibido
todo o que foi e nunca máis será.

... ..
Pro eu *resucitarei* que *soio völvén*
os que recordan, compañeiros” (p. 181).

A palabra vai ser o grande medio de *recordo* e, xa que logo, *resurrección*. O poeta débátese entre o escepticismo, a traxedia e a fe nunha esperanza vaga.

LUCIANO RODRÍGUEZ

DICCIONARIO CRÍTICO ETIMOLÓGICO CASTELLANO E HISPÁNICO, por J. Corominas. J. A. Pascual

Esta nova edición do *Diccionario* de J. Corominas non debe pasar esquecida dos estudiosos da lingua galega, porque, como ben el dí, “Las nuevas aportaciones al estudio del *léxico gallego*, y del *gallego portugués* en general, lo convierten en un diccionario, crítico y completo en el aspecto etimológico de la lengua del Oeste”. Aínda que soio fora pola intención xa Galicia tería que estarlle agradecida ao ilustre lingüista catalán por tal desexo; mais se, como neste caso, o que se promete cómprese doadamente non é fácil pagar a débeda contraída.

A verdade é que xa na primeira edición o galego e o portugués estaban ben emparentados no léxico castelán, e pra probalo bastaríanos remitir aos dictionarios etimolóxicos portugueses de J. P. Machado (*Dicionário Etimológico da Língua Portuguesa*, 2.^a ed.) ou de A. Nascentes (*Dicionário Etimológico Resumido*) pra que alí se comprobase o peso da súa autoridade. O galego, aínda sen un dictionario etimolóxico completo, non o podía reflexar tan craramente, mais con todo as monografías publicadas desde entón non poideron esquecelo. Ben é verdade que os seus índices por selectivos sempre minguaron a cantidade e calidade das súas aportacións.

Nesta nova edición, donde o galego entra a mancheas, por nosa ventura, e pra salientar a obra do mestre, facemos votos pra que un índice exhaustivo ó rematar a gran obra, deixe ben marcado e accesibel a todos a magnitude cuantitativa (porque a cualitativa non o precisa) da súa contribución ao estudio do léxico galego. Así calquer estudioso da lingua galega poderá disfrutar do seu saber e doutrina sen ter que adiviñar por donde poderá encontrarse a verba galega que lle interese.